EXPEDIENTE 2025/G010/000003. PLENO SESIÓN ORDINARIA 13 DE FEBREIRO DE 2025.

ACTA Nº 2025/04

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: xoves 13 de febreiro de 2025

Hora de comezo: 21.01 horas

Hora de remate: 21.48 horas

PRESIDE:

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. EXPEDIENTE 2024/G010/000015. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 9 de xaneiro de 2025. Aprobación da acta da sesión.

II PARTE DE CONTROL

2. EXPEDIENTE 2025/G006/0000029. Decretos da Alcaldía ditados entre o entre o 30 de decembro de 2024 e o 7 de febreiro de 2025. Toma de razón.
3. Moción do Grupo Municipal do BNG para o desestimento e arquivo do proxecto de explotación mineira.
4. Rogos e preguntas

De seguindo trátanse

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: +79hUTnpu4hOlwfKwx5c Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2024/G010/000015. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 9 DE XANEIRO DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

09.01.2025. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 9 de xaneiro de 2024.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

II PARTE DE CONTROL

2 EXPEDIENTE 2025/G006/0000029. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O ENTRE O 30 DE DECEMBRO DE 2024 E O 7 DE FEBREIRO DE 2025. TOMA DE RAZÓN.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 30 de decembro de 2024 e o 7 de febreiro de 2025.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 30 de decembro de 2024 e o 7 de febreiro de 2025 (artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais):

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2024/G003/000434	EXPEDIENTE 2024/T004/000004. Prórroga do ozamento de 2022 para o exercicio de 2025.	409/2024	30-12-2024
2024/G003/000436	EXPEDIENTE 2024/G003/000436. Dietas por asistencias ás sesións dos órganos colexiados municipais durante o cuarto trimestre de 2024.	410/2024	30-12-2024
2024/G003/000437	EXPEDIENTE 2024/G010/000015. Pleno sesión ordinaria 9 de xaneiro de 2025. Convocatoria.	411/2024	30-12-2024
2024/G003/000439	EXPEDIENTE 2024/T002/000018. Modificación Orzamentaria. Transferencia de crédito entre partidas da mesma área de gasto.	412/2024	30-12-2024

CVD: +79hUTnpu4hOlwfKwx5c Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2024/G003/000438	EXPEDIENTE 2024/G003/000438. Delegación das funcións da alcaldía dende o 1 de xaneiro ao 6 de xaneiro de 2025 ambos os dous incluídos.	413/2024	30-12-2024
2024/G003/000435	EXPEDIENTE 2024/G003/000435. Horas extraordinarias para incluír na nómina do mes de decembro de 2024. José Luís Valiño Cereijo.	414/2024	30-12-2024
2024/G003/000440	EXPEDIENTE 2024/G006/000440. Aprobación nóminas decembro 2024.	415/2024	30-12-2024
2024/G003/000441	EXPEDIENTE 2024/G003/000441. Gastos de locomoción do Concelleiro delegado de Obras durante o ano 2024.	416/2024	30-12-2024
2025/G003/000001	EXPEDIENTE 2025/G003/000001. Liquidación copago usuarios SAF decembro	1/2025	07-01-2025
2025/G003/000003	EXPEDIENTE 2025/S002/000001. Baixa de Servizo Axuda no Fogar	2/2025	09-01-2025
2025/G003/000002	EXPEDIENTE 2025/A008/000001. Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a implantación de recollidas separadas de biorresiduos, aceites de cociña usados e téxtiles, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UEno marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975T). Solicitude subvención.	3/2025	10-01-2025
2025/G003/000004	EXPEDIENTE 2025/A008/000002. Subvención para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT236A). Solicitude subvención	4/2025	13-01-2025
2025/G003/000004	EXPEDIENTE 2025/E005/000001. Ignacio Amigo Barcala. Recoñecemento de produtividade (mes de decembro 2024 – xaneiro 2025)	5/2025	14-01-2025
2025/G003/000006	EXPEDIENTE 2025/S002/000002. Alta Servizo Axuda no Fogar por dependencia	6/2025	15-01-2025
2025/G003/000007	EXPEDIENTE 2025/G006/000006. Pagamento IRPF 4ºT/2024.	7/2025	15-01-2025
2025/G003/000008	EXPEDIENTE 2024/I002/000025. Expediente de reposición da legalidade urbanística dunhas obras de peche de parcela con referencia catastral 000801600NH54D0001BA, no Lg. Moutarón - Soutullo, Fao	**8**/2025	16-01-2025
2025/G003/000009	EXPEDIENTE 2025/A008/000004. Resolución do 26 de novembro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas, xestionadas polo Instituto de Estudos do Territorio, e se establece a súa convocatoria para o ano 2025. Solicitude de subvención.	9/2025	20-01-2025
2025/G003/000010	EXPEDIENTE 2025/A008/000005. Axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025. Solicitude de subvención.	10/2025	20-01-2025
2025/G003/000011	EXPEDIENTE 2025/G003/000011. Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de xaneiro 2025)	11/2025	22-01-2025
2025/G003/000012	EXPEDIENTE 2025/G003/000012. Horas extraordinarias realizadas fora da xornada laboral xaneiro 2025.	12/2025	23-01-2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: +79hUTnpu4hOlwfKwx5c Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2025/G003/000013	EXPEDIENTE 2025/G003/000013.. Decreto quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de xaneiro de 2025	13/2025	23-01-2025
2025/G003/000014	EXPEDIENTE 2024/C003/000019. "Saneamento en Obra", POS+ 2024 (Achega provincial 2023). Aprobación do Programa de traballo, do Plan de xestión de residuos e do Plan de seguridade e saúde.	14/2025	24-01-2025
2025/G003/000015	EXPEDIENTE 2024/C003/000020. “Mellora do Pavimento da Pista de Oca de Arriba A Cruz da Graxola e outros” incluído no POS+ 2024 (Achega provincial 2023). Aprobación do Programa de traballo, do Plan de xestión de residuos e do Plan de seguridade e saúde.	15/2025	24-01-2025
2025/G003/000016	EXPEDIENTE 2024/C003/000021. “Mellora da capa de rodaxe de Beseño de Abaixo a Beseño de Arriba e outro” incluído no POS+ 2024. (Achega provincial 2023). Aprobación do Programa de traballo, do Plan de xestión de residuos e do Plan de seguridade e saúde.	16/2025	24-01-2025
2025/G003/000017	EXPEDIENTE 2024/C003/000022. “Senda de Tarrío a Silva (Bama)” incluído no POS Adicional 2/2024. (1º fase). Aprobación do Programa de traballo, do Plan de xestión de residuos e do Plan de seguridade e saúde.	17/2025	24-01-2025
2025/G003/000018	EXPEDIENTE 2024/C003/000023. “Pavimentación de viarios en Quintás dende AC240” incluída no POS+ ADICIONAL 2/2024 (1º fase). Aprobación do Programa de traballo, do Plan de xestión de residuos e do Plan de seguridade e saúde.	18/2025	24-01-2025
2025/G003/000019	EXPEDIENTE 2025/A008/000007. Resolución do 30 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal con destino ao alugamento social, e se procede a súa convocatoria para o ano 2025, con carácter plurianual (código de procedemento VI422F). Solicitude de subvención.	19/2025	27-01-2025
2025/G003/000020	EXPEDIENTE 2025/A008/000003. Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U). Solicitude de subvención.	20/2025	28-01-2025
2025/G003/000022	EXPEDIENTE 2025/A008/000009. Convocatoria de ayudas para actuaciones a desarrollar por las entidades locales asociadas a la FEMP dirigidas a facilitar la puesta en marcha para fomentar la transversalidad de género en la planificación y desarrollo de las políticas en materia de igualdad en el ámbito municipal. Solicitud de subvención.	21/2025	29-01-2025
2025/G003/000021	EXPEDIENTE 2025/G007/000001. Xunta Goberno Local sesión ordinaria 30 de xaneiro de 2025. Convocatoria.	22/2025	29-01-2025
2025/G003/000023	EXPEDIENTE 2024/X999/000009. Aprobación nóminas xaneiro 2025.	23/2025	30-01-2025
2025/G003/000024	EXPEDIENTE 2025/G012/000001. Comisión informativa de asuntos xerais. Sesión extraordinaria urxente do 3 de febreiro de 2025.	24/2025	30-01-2025
2025/G003/000025	EXPEDIENTE 2024/U004/000009. Proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovidos pola sociedade Cobre San Rafael SL. Presentación aelgacións.	25/2025	31-01-2025
2025/G003/000026	EXPEDIENTE 2025/X999/000012. Asistencias por participacións na valoración (informe técnico) das ofertas presentadas ao procedemento de licitación Contrato Servizo de Axuda no Fogar (SAF).	26/2025	31-01-2025
2025/G003/000027	EXPEDIENTE 2025/E001/000001. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincial da Coruña no ano 2025 (PEL-CONCELLOS/2025). Aprobación convocatoria e Bases de selección.	27/2025	03-02-2025

CVD: +79hUTnpu4hOlwfKwx5c Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2025/G003/000028	EXPEDIENTE 2025/G010/000001. Pleno sesión extraordinaria 6 de febreiro de 2025. Convocatoria.	28/2025	03-02-2025
2025/G003/000029	EXPEDIENTE 2025/G003/000029. Liquidación copago SAF xaneiro 2025l.	29/2025	05-02-2025
2025/G003/000030	EXPEDIENTE 2024/A008/000047. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2025". Decreto pago taxas Axencia Tributaria de Galicia obras POS+ 2025.	30/2025	05-02-2025
2025/G003/000031	EXPEDIENTE 2025/G003/000031. Decreto pago taxa por actuacións de comprobación e control das declaracións responsables para a realización de actuacións menores no dominio público hidráulico e na súa zona de policía. Limpeza da ribeira do río Lañas.	31/2025	05-02-2025
2025/G003/000032	EXPEDIENTE 2025/G010/000002. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria urxente do 7 de febreiro de 2025	32/2025	07-02-2025
2025/G003/000033	EXPEDIENTE 2024/A008/000047. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2025". Aprobación da solicitude de participación.	33/2025	07-02-2025
2025/G003/000034	EXPEDIENTE 2024/A008/000047. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2025". Resolución sobre a non división en lotes dos investimentos propostos para súa inclusión no Plan único de concellos POS+ 2025	34/2025	07-02-2025

O pleno dase por enterado.

3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O DESESTIMENTO E ARQUIVO DO PROXECTO DE EXPLOTACIÓN MINEIRA.

INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da Moción co seguinte contido:

Exposición de motivos:

Como é sabido, o pasado 22 de novembro de 2024 saíu a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L. Trámite que rematou o 31 de xaneiro.

No período que estivo o proxecto a exposición pública puidemos comprobar que entre toda a documentación aportada pola empresa faltaban estudos e informes esenciais sobre os efectos e impactos que sobre a sobre a saúde causaría esta actividade. Estas carencias sobre unha cuestión tan esencial convirte ao proxecto en anulable por vicios de orixe e incumprimento da lexislación vixente.

Así destacamos que o proxecto:

➔ *Non analiza todos os contaminantes atmosféricos prexudiciais para a saúde que emitiría a explotación:*

En concreto, e respecto as emisións de partículas a atmosfera altamente prexudiciais para a saúde humana, o estudo de Impacto ambiental que presenta a empresa escolle 9 parámetros pero faltan contaminantes importantes sen cuantificar como metano, compostos orgánicos volátiles, dióxido de carbono, cobre, zinc, mercurio, compostos orgánicos volátiles non metano…. Estamos a falar dun volume de emisión moi elevado de partículas. As emisións anuais de partículas PM10 do proxecto sería máis elevada que en calquera outra industria de Galicia e rexistradas no PRTR. Por citar algún exemplo, este proxecto emitiría máis partículas que as maiores emisoras en Galicia como son Intasa, Alcoa ou Frinsa del Noroeste. Tamén son moi altas as emisións de partículas PM2,5 aínda máis prexudiciais para a saúde humana que as anteriores, estimadas en ao redor de 90 toneladas cada ano de explotación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: +79hUTnpu4hOlwfKwx5c Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Hai tamén unha emisión moi elevada de metais. As emisións en arsénico a atmosfera do proxecto equivalen as emisións de 34 complexos industriais de diferentes sectores que declaran no rexistro PRTR. Cabe indicar aquí o efecto moi nocivo do arsénico no gando bovino de leite polo seu carácter bioacumulativo, como demostraron diferentes estudos.

➔ *Non cumple coa lexislación vixente*

Tampouco se acolle aos mandatos do Tribunal de Xustiza Europeo (TXUE), que en xullo do 2024 resolveu unha cuestión prexudicial sobre o alcance da Directiva 1010/75/UE sobre emisións industriais, por si debían considerarse en todos os casos todas as substancias obxecto de emisións que fose establecidas cientificamente como prexudiciais. Contesta o TXUE que a autoridade competente debe ter en conta todos aqueles contaminantes que sexan obxecto de emisións cientificamente recoñecidas, ademais das substancias contaminantes previsibles á luz da natureza e do tipo da actividade industrial.

Resulta que a pirita normalmente ten trazas de Co, Ni, Se, Tl, Au, Bi, As, Ga.. A calcopirita ten trazas de Se, Tl, Te... a Esfarelita aparte de S, Zn e Fe, ten impurezas de Hg, Cd... Ademais os combustibles utilizados na maquinaria e vehículos emite aparte de contaminantes citados outros como COV, COVNM, HAP... a gran maioría dos contaminantes citados non se estudan na documentación presentada pola empresa.

A maiores, o proxecto tampouco se acolle a lexislación actual de inmisións. As referencias aos valores de inmisións están obsoletos. As referencias de Cobre S. Rafael son ao RD 102/2011 cando debe facelo a Directiva Europea 2024/288 sobre calidade do aire, de obrigado cumprimento no 2026. Tampouco ten en conta os Valores Guia da OMS actualizados no 2021.

En canto á modelización da dispersión, emprégase un modelo e método CALPUFF, anticuado, deficiente e eliminado da lista de estudos regulatorios da US EPA (estudos de calidade do aire e olores).

En definitiva, non somentes procede desestimar o procedemento polo que se recolle no art. 39.4 c) da Lei 21/2013 de avaliación de impacto ambiental, ratificada pola sentenza 53/2017, de 11 de maio do Tribunal Constitucional, senón tamén polas carencias tan importantes e incumprimentos legais tan claros que convirten ao proxecto en nulo de raíz.

Por todo o exposto solicítase ao pleno da corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

1. O concello de Touro solicita ao órgano ambiental e ao órgano substantivo que desestimen o proxecto presentado por Cobre San Rafael e procedan a arquivar o expediente por todas as carencias, vicios e incumprimentos da legalidade expostos e sobre todo, polo que respecta a non valoración de todos os impactos que sobre a saúde humana causaría a explotación mineira.

O voceiro so PP, Sr. Reboredo González, di que a nosa postura é coñecida, que estamos a favor do proxecto, como xa expuxemos en sesións anteriores do pleno, por dúas razóns fundamentais, unha porque pensamos que é a única alternativa real para solucionar o tema da degradación dos antigos terreos da mina e a segunda pola creación de emprego e de riqueza. Postura que defendemos por convencemento e porque sería bo para Touro, para o concello e para a comarca, polo que imos a votar en contra desta proposta, sen quitar que nós estamos a favor de todas as alegacións que sirvan para mellorar o proxecto, sempre e cando, partindo do suposto de que o proxecto vaia adiante.

O Concelleiro non adscrito Darío Rey, subscribe a intervención do voceiro do BNG, son datos reais. Votarei a favor.

O Concelleiro do BNG, Sr. Louzao di que non quere ser repetitivo, nun pleno anterior onde se dixo que se se facía un referendum quen estaría máis a favor ou en contra da mina, dar un dato relevante como é a presentación de arredor de dez mil alegacións contra o proxecto mineiro, eu creo que é un referendum moi claro, a empresa falou de seis mil, logo de sete mil outro día oito mil, segundo o día ía cambiando nun periodo de sete anos que levan traballando dende 2017, polo que queda clara cal é a cuestión social.

Unha segunda cuestión, foi esta mesma semana, para que vexamos cales son as intencións reais desta empresa, recoñeceu que retirara o recurso que presentara contra a desestimación do proxecto anterior pola declaración de impacto negativo, agora xa lle vale a declaración de impacto negativo, como ten novos, un xogo de tahúres é no que estamos.

CVD: +79hUTnpu4hOlWfKwx5c Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O Sr. alcalde realiza unha puntualización, sobre ese argumento tan manido de que os terreos mineiros actuais só se restauran cunha nova mina, este luns publicouse a Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia na cal recolle como espazo a restaurar, en concreto, previa a restauración das biocenoses é necesario levar a cabo unha restauración do biotopo dado o nivel de alteración que presenta, as Minas de Touro e ao mesmo tempo están outros terreos que tamén foron obxecto de explotación mineira, sobre os cales non hai previsible proxecto e incluso hai dereitos mineiros caducados, co cal non hai previsión de novas aperturas de proxectos mineiros sobre eses terreos e tamén están recollidos como terreos a rexenerar, polo tanto, a mina de Touro está como espazo a rexenar con ou sen mina; e póñolle exemplos como as minas de Arenteiro, a canteira de Montesalgueiro, canteira da Trapa, ou as minas do Barbanza entre outras. Co cal ese relato de que só é posible restaurar a mina con outra mina, o propio documento aprobado recentemente pola Xunta, o desminte.

VOTACIÓNS

Procédese á votación da Moción, producíndose un empate: cinco votos a favor (tres concelleiros de MVXT, o Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito) cinco votos en contra dos Concelleiros do PP, e a abstención do Concelleiro do PG, sendo once o número legal de membros da Corporación.

Polo que se procede a unha segunda votación, co mesmo resultado, polo que a Moción resulta aprobada polo voto de calidade do alcalde.

4 ROGOS E PREGUNTAS.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, realiza as seguintes preguntas.

1. A parte das facturas da empresa Trastambre reclamadas a Espina e Delfín segundo o acordo da Xunta de Goberno do 24 de outubro pasado, ten o Concello algunha débeda máis con Trastambre, se ten débedas anteriores a esas facturas que se reclaman?

2. Nos decretos aprobábanse unhas taxas pola limpeza da Ribeira do Río Lañas, en que consiste esas limpezas, en que tramo do río se van a facer e quen as vai a facer?

3. Vemos tamén nos decretos a prórroga do presuposto. Nunha sesión plenaria pasada o sr. alcalde díxonos que estaba estudiando o proxecto de presupostos e que se presentaría, pregunto se ten intención de presentalo ou vai seguir co presuposto prorrogado de 2022 indefinidamente.

4. Tamén trouxemos a outro pleno unha pregunta sobre a sinalización do campo de fútbol en A Goleta en Loxo, que se había falado de cambiar esa dirección a campo da festa, que aparece como aparcamento de campo de fútbol díxose que se ía facer pero todavía non se levou a cabo.

5. Dase conta na relación de decretos, do decreto número 33 no que o alcalde se atribúe a competencia de aprobar o Plan de obras, en base segundo a exposición de motivos ante a imposibilidade de que o pleno aprobase ese Plan, non recolle nesa exposición de motivos que hai un acordo plenario do día nove de xaneiro votado pola maioría dos grupos municipais por sete votos a favor e ningún en contra e non recolle que se nega a executalo e tampouco intentou modificalo mediante a negociación cos grupos que habiamos proposto ese acordo, lévanos a un pleno o día 6 de febreiro, en vísperas da finalización do prazo para presentar a solicitude ante a Deputación provincial e sométese unha proposta que practicamente non ten nada que ver coa que se había aprobado aquí, aquelo de que o aprobabas ou vamos a perder a subvención do Plan, nos interpretámolo como unha chantaxe que loxicamente non iamos apoiar e votamos en contra desa proposta, tróuxenos o alcalde sorpresivamente a un pleno extraordinario urxente o día sete de febreiro sen modificar nada da proposta rechazada no pleno do día anterior e agora para salvar a irresponsabilidade da alcaldía dicta un decreto atribuíndose a competencia de aprobar o Plan Provincial cando sabe perfectamente que as bases do Plan recollen que ten que ser aprobado polo pleno, esas bases non foron impugnadas en ningún momento, atribúese unha competencia residual que tería sentido noutros temas, pero neste tema non hai ningunha dúbida que a competencia está encomenda ao pleno. Pregunto cal é a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: +79hUTnpu4hOlwfKwx5c Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

pretensión dese decreto, porque creo que ten plena conciencia de que iso non vai a prosperar. Ese é o fondo do asunto.

O Alcalde resposta as preguntas do seguinte xeito:

1. Hai unhas facturas pendentes do ano 2023, non hai outras pendentes.

2. O pago das taxas son debidas a unha declaración responsable para actuar e facer limpeza na zona de captación do abastecemento de auga, non temos neste momento contratado quen as vai a executar, o que se fixeron foron os trámites con Augas de Galicia para poder facer esa actuación.

3. Respecto do orzamento, falaremos cos grupos políticos.

4. Relativa a sinalización do campo da festa de Loxo, a sinal xa no la serviron e está pendente de colocación, tan pronto sexa posible colocarase.

5. Respecto do Decreto do POS é bastante sinxelo, parece que o PP estivese nun sarillo no cal, ora di que está de acordo coas obras ora di que son as obras do alcalde e entón non está de acordo, o primeiro debería aclarar se está de acordo ou non coas obras, ou se está de acordo coas obras pero non está de acordo con que as faga este goberno, o mellor é o que é , ten toda a pinta.

O Sr. Reboredo, voceiro do PP, intervén sen estar no turno de palabra e recibe dúas chamadas á orde, sendo advertido de que se recibe unha terceira será expulsado.

É competencia do goberno traer o Plan de Obras ao Pleno e así se fixo, só hai un plan de obras que é o que presentou o goberno ao pleno porque é quen ten a competencia, poderase estar máis de acordo, menos de acordo ou en total desacordo con ese Plan, pero é o único Plan que hai, porque a ese plan nin na comisión informativa nin no pleno se trouxo nin se propuxo alternativa ningunha, creo que quedou claro na exposición que fixo o alcalde que hai e había toda a vontade de escoitar, se había algunha proposta de modificación de modificala se había acordo. En intervencións súas no pleno, recóllese que o PP está de acordo coas obras, tamén di que non vai a entrar a valorar as obras, o que pide é que dimita o alcalde para votar a favor das obras, co cal a lóxica e aplastante e non ten outra lectura, o PP está de acordo coas obras pero non está de acordo en que as faga este goberno, así de simple. Que fixo o goberno por responsabilidade, ante a imposibilidade de podelas aprobar no pleno porque o PP votou en contra do plan, non presentou alternativa ningunha, parcial ou total ao plan, ante o prexuízo económico que suporía para o concello perder estas obras, o alcalde aprobou este Plan por decreto e así lle foi trasladado á Deputación.

Intervén o voceiro do PP, sr. Reboredo González.

O sr alcalde di que estas intervencións non estando no uso da palababra non van ser recollidas na acta.

No turno de preguntas do grupo municipal do BNG, o Sr. Xoan Louzao, formula as seguintes:

1. Relativa este decreto do POS, paréceme dunha irresponsabilidade absoluta o que vostede acaba de facer, despois do esperpento que nos fixo pasar convocándonos a dous plenos cun prazo de menos de doce horas, as oito e media da mañá para estar aquí ás dez e media da mañá como sen non tiveramos máis cousas que facer que estar esperando a que nos chamen as oito e media da mañá, para presentar exactamente o mesmo proxecto que presentara doce horas antes, iso é unha tomadura de pelo en toda regla, todo o que vostede está dicindo agora de irresponsabilidade, de que votas a favor ou en contra, que por certo o BNG se abstivo porque non iamos tumbar o Plan, todo iso non o fixo antes de presentar o proxecto e ese é o gran problema e o gran pecado orixinal que vostede ten e ten que recoñecer que é así, é incapaz de negociar absolutamente nada, de mover unha soa posición da que vostede asume, entón se os proxectos do POS se traen aquí un día ás nove da noite para aprobalos e ter que envialos ao día seguinte antes das tres da tarde, proxectos que hai que elaborar, que diseñar e que levan moitísimo tempo, iso é un proxecto pechado onde non hai posibilidade de modificar nada, iso sabémolo todos.

Eu dixen no pleno do 9 de xaneiro, como hai unha proposta do PP e unha emenda do concelleiro nos adscrito, nós propoñemos unha xunta de portavoces para chegar a un acordo, era así de simple, non e fixo. O que non se fixo, quíxose facer nun prazo de doce horas e o máis grave vostede non cre que está usurpando as funcións do Pleno, vostede por decreto dicindo xa que vostedes non mo aproban o aprobo eu, nas bases da Deputación está claro, certificación do secretario conforme se aprobou no pleno, todo o que está facendo agora porque non o fixo antes, esa é a pregunta. Vostede agora non sabe como salir deste atolladero, como lle explica vostede, que é quen goberna, tendo os votos que

CVD: +79hUTnpu4hOlwfKwx5c Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ten, tendo o voto do Bloque que é gratis, á xente que foi incapaz de chegar a un acordo porque vostede se propuxo non falar con ninguén, como máximo responsable, vostede non falou con ninguén. A pregunta é porque vostede agora usurpa unhas funcións, porque non fixo o traballo, e iso incluso ten responsabilidades.

2. Porqué non se colocaron as farolas en Prevediños que eu solicitei dúas veces no pleno, dende a AC-240 cara a Igrexa, nun tramiño que non hai casas, pero que vai cara Iglesia, nunca se me dixo que non, resulta que se van poñer farolas en Prevediños, pero esas non se poñen cando estiveron alí poñendo farolas polas casas. Cal é a razón pola cal non se colocaron?

3. Vai sobre a tramitación dos expedientes en litixio que ten o Concello, tan aficionado a elo.
Como está esa penalización que se lle solicitou á empresa adxudicataria das actividades deportivas.

4. Como está tamén esa solicitude de corenta e un mil euros a Hermanos Couto Fandiño por esas obras de Mellora de abastecemento en Touro que como as entregou fora de prazo perdeuse unha subvención de case esta cantidade, se a empresa respondeu e como respondeu.

5. Respecto dese outro litixio que se ten coa empresa concesionaria da auga das facturas deste ano 2024, que a empresa lle reclama a empresa concesionaria, porque esta lle solicitou a Trastambre e factura pasóuselle ao Concello, como está esa tramitación?

6. Se a factura que se debe do 2023, cen mil euros, que preguntei eu no pleno anterior, se se pagou, se está reclamada, como está exactamente ese proceso?

7. Porque non se executou o acordo plenario de colocar unha pancarta no Concello contra a mina?

8. No mes de decembro fixéronse catro Xuntas de Goberno, non sei se foi pola extra, Xuntas que duran exactamente cada unha delas trinta e cinco minutos, o que me parece e que vostede durante catro anos na oposición falaba continuamente do despilfarro enorme, con algunha razón en moitos casos, nun periodo de dous anos vemos que a situación non mudou, catro nun mes para aprobar nada urxente, cando é unha ao mes a ordinaria. Se vostede lóxica esta forma de actuar cando se cobra practicamente por todos os servizos que se fan. Non me gusta andar medindo esto, pero estamos falando dunhas cantidades considerables e facer catro xuntas de goberno nun mes para asuntos non urxentes, e tres xuntas de goberno fanse moitísimas veces, eu non lle atopo ningunha lóxica máis alá de que unha serie de persoas cobren dietas, é unha pregunta reflexión.

O Alcalde resposta as preguntas do seguinte xeito:

1. Respecto da pregunta do Plan de Obras non vou ser eu quen faga públicas conversas e negociacións entre o goberno e o BNG, estou falando do goberno non do alcalde, se houbo conversas do goberno co grupo do BNG e co voceiro e igual que as houbo co PP, e non teño ningunha dúbida do que me trasladan os membros o goberno, neste caso do Concelleiro de obras e Tenente Alcalde, das conversas, negociacións e do que falaron das obras. O que o BNG trasladou na comisión informativa e que con matices e na prioridade de certas obras incluídas no Plan, non se trasladou desacordo en absoluto. As conversas levadas a cabo polo goberno a través do Concelleiro de obras foron frutíferas e a min o que se me traslada e non teño ningunha dúbida é a conformidade coas obras propostas no conxunto; esa historia de que se chegou aquí cun plan feito polo alcalde, non, para nada.

2. Relativa a esa liña de farolas en Prevediños, é necesaria naquela marxe da carretera facer unha limpeza porque obstaculiza claramente a proxección da luz, é unhas das actuacións que temos falado que hai que executar tan pronto sexa posible, pero previa limpeza desa marxe, co cal poñerémonos en contacto co propietario dos terreos e se executa esa limpeza.

3. Da impresión, tal e como o expón, como se o goberno fose policía das empresas, e non, o goberno o que trata é que as empresas asuman o compromiso que teñen no seu contrato, polo tanto incorren en situacións que son prexudiciais para o Concello, o concello exerce o que se dicta no contrato e cando é necesario aplica as penalidades que correspondan.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: +79hUTnpu4hOlWfKwx5c Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Respecto da empresa de actividades deportivas aplicóuselle as penalidades que establece a Lei de contratos do Sector Público e pagou o importe que se estableceu.

4. Respecto do expediente de Couto Fandiño, a empresa presentou alegacións e solicitouse un informe á dirección de obra e estamos pendentes de recibilo.

5. Estamos pendentes de recibir informe dos servizos xurídicos da Deputación. Respecto das facturas do ano 2023 a empresa actuou por encargo da empresa concesionaria sen embargo facturoulle ao Concello, e entendemos que correspóndelle a empresa concesionaria pagar esa auga entre outras cousas porque é a responsable integral do servizos máis ao mesmo tempo entendemos podería haber un enriquecemento ilícito xa que o concello está pagando unha auga que non ten custes de potabilización que se se fixera do río tería un custe de produción, que sen embargo a empresa lle está a cobrando aos usuarios a prezo normal, hai un aforro evidente de custes na produción de auga por parte da concesionaria. Douse traslado do expediente as servizos xurídicos da Deputación para que informe e en función deste pagarase ou non.

O Sr. Louzao di que no anterior pleno preguntou se foi o Concello quen pedira a auga ou a concesionaria, vostede dixo que non fora o Concello, fai un ano o Concello non tivo nada que ver, nin pediu auga nin falou coa empresa?

O alcalde resposta que non.

6.Relativa a subministración de auga no ano 2024, situación distinta na cal é o Concello fai os pedidos de subministración de auga, pagounas o Concello, ante a negativa da empresa concesionaria de facer os pedidos, para que non houbese desabastecemento fixo os pedidos o concello, pero o goberno entende que hai en certa maneira un enriquecemento ilícito polo que dixen antes e por outro lado a concesionaria xustifica esas perdas de caudal en canto a que as empresas instaladoras de fibra óptica produciron unha serie de avarías na rede e por iso houbo perdas de caudal, entendemos que é unha incidencia que ten que asumir a empresa. Foi reclamada e deuse traslado aos servizos xurídicos da Deputación e aínda non contestaron.

7. Respecto da pancarta foi recibida hoxe, está o paquete sen abrir, co cal abrirase, comprobarase e colocarase.

8. Relativa a que houbo catro Xuntas de Goberno no mes de decembro e ten unha peculiaridade respecto do resto dos meses, o trinta de decembro faise unha Xunta para aprobar as facturas que entran ata ese día, esa especifidade do mes de decembro é así, por norma sempre vai haber unha Xunta de Goberno a maiores do resto.

Vostede fai referencia a que non había asuntos urxentes, non o había para o goberno pero si urxentísimo para un negocio importante do Concello no cal había un prazo axustado para conceder unha licenza e que non se podía demorar ata a celebración doutra Xunta e na anterior non estaba toda a documentación e non podía esperar a última. É unha licenza por un importe cercano en canto orzamento de execución material a un millón e medio de euros, de aí o motivo de convocar unha Xunta de Goberno extraordinaria que foi a terceira Xunta de Goberno do mes.

Fálolle de memoria, noutra Xunta de Goberno, urxía aprobar unha serie de contratos, como o da renovación do alumeado do pavillón porque tiña que estar adxudicado e a obra realizada para que non houbese impedimentos para celebrar o torneo de fútbol sala solidario de Nadal.

Creo que recordar na Xunta de Goberno previa e na que se aproba o expediente de contratación desas obras.

De todas formas, aproveitando tamén lle digo, no mes de xaneiro celebrouse unha so Xunta de Goberno e no mes de febreiro e moi probable que só se celebre unha, co cal o de traer ese relato de que a norma e ter catro Xuntas de Goberno non é certo.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 21.48 horas do 13 de febreiro de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

CVD: +79hUTnpu4hOlwfKwx5c Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.